




O que ben comeza, ben acaba: preparación ao secado das vacas de alta produción

Presentamos o primeiro do que será unha serie de artigos sobre o manexo integral do secado das vacas de alta produción. Nesta entrega damos o primeiro paso: preparar as vacas que imos secar proximamente e revelamos cal é o obxectivo de deixar de muxir os animais durante un tempo.

Carlos Carbonell, Laura Elvira
Servizo Técnico de Ruminantes MSD Animal Health

A sabedoría popular transmitiuse a través das xeracións mediante os refráns. Esta ciencia natural non envellece, dá consello e consolo de forma breve aplicando sempre o sentido común. Enmarcado dentro do refraneiro popular, presentaremos unha serie de artigos breves cuxo obxectivo é reflexionar sobre o anexo integral do secado das vacas de alta produción. E como todo ten un principio, comezaremos polo primeiro paso, que é preparar as vacas que imos secar proximamente. Pero, antes de nada, é importante saber cal é o

obxectivo de deixar de muxir os animais durante un tempo.

POR QUE SE SECAN AS VACAS?

Esta pregunta, que podería parecer sinxela a primeira vista, pode nalgúns casos requirir un intre para responderla, sobre todo porque en moitas ocasións, temos rutinas de traballo instauradas desde sempre e esquecemos por que o facemos.

O período seco é un tempo de canso necesario para que a vaca rexenere o seu tecido mamario co obxectivo de maximizar a súa produción na seguinte lactación. Se non fose interesante a nivel produtivo e económico, probablemente non se secarían as vacas. Por iso é polo que o produtor debe, xunto co seu técnico,

definir as estratexias de manexo deste período para maximizar a produtividade da seguinte lactación. Sen esquecer, que, para iso, é indispensable manter unha boa saúde do ubre do rabaño.

É IMPORTANTE O PERÍODO SECO NA SAÚDE DO UBRE DO RABAÑO?

Probablemente se trate da fase máis importante, xa que, por unha banda, é o período de maior risco para adquirir novas infeccións mamarias por patóxenos ambientais, e, á súa vez, é o mellor momento para a curación das infeccións adquiridas durante a lactación previa.


De feito, na gráfica 1, con datos de 400 granxas españolas, podemos ver como iniciar a lactación “sa” (< 200.000 cls/ml) é un bo punto de partida que reduce o grao de vacas “enfermas” (> 200.000 cls/ml) ao longo da lactación, xa que a porcentaxe de vacas que ao primeiro control posparto están “sas” garda unha relación inversa coa media de vacas “enfermas” durante a lactación. Este estudo confirma a importancia que ten na saúde de ubre do rabaño que as vacas pairan sas.

Para conseguir moitas vacas sas ao parto teremos que traballar en dous aspectos:

1) Previr as novas infeccións durante o secado, para o que contamos

▶ É FUNDAMENTAL MANTER UN BO ESTADO INMUNITARIO E BENESTAR DA VACA SECA, ASÍ COMO ESTABLECER XUNTO AO SEU TÉCNICO CALES VAN SER OS CRITERIOS DE SELECCIÓN DE VACAS PARA TRATAR CON TERAPIA ANTIBIÓTICA DE SECADO

Gráfica 1. Relación entre a porcentaxe de vacas "sas" (<200.000 cls/ml) no primeiro control posparto e a porcentaxe de vacas "enfermas" (>200.000 cls/ml) durante a lactación en 400 ganderías españolas no ano 2021



coa axuda de **ferramentas eficaces como os seladores internos.**

2) **Curar as infeccións existentes.** Hai que ter en conta que en todos os rabaños leiteiros hai unha porcentaxe de vacas que chegan infectadas ao secado e que se deben tentar curar durante o período seco.

É IMPORTANTE SELECCIONAR AS VACAS QUE NECESITAN TERAPIA ANTIBIÓTICA DE SECADO?

As vacas que non se curan durante o secado terán un recuento de células so-

máticas superior ao resto na seguinte lactación. Ademais, producirán menos leite, presentarán maior risco de padecer mamite clínica e unha menor supervivencia no rabaño.

Por iso é polo que é fundamental manter un bo estado inmunitario e benestar da vaca seca, así como establecer xunto ao seu técnico cales van ser os criterios de selección de vacas para tratar con terapia antibiótica de secado. Se contamos con control leiteiro, poderémolo monitorizar vendo a evolución das porcentaxes de curación ao parto.

Como exemplo, nunha gandería de 200 vacas e un recuento de 250.000 cls/ml no tanque de leite, a diferenza entre ter un 50 % ou un 75 % de curacións ao parto supón unhas 14 vacas máis ao ano que empezan a lactación cun recuento celular alto, ademais de maior probabilidade de teren mamite clínica ou seren eliminadas. De aí a recomendación de que a terapia antibiótica se aplique tanto como sexa necesaria e tan pouco como sexa posible.

Volvendo ao principal obxectivo de maximizar a produción de leite, a ▶▶

INMUNO NEBRIX


Para animais adultos

CON VITAMINAS ESTABILIZADAS Y SALES MINERALES


Completar las distintas clases de pienso con INMUNO NEBRIX, mejora el mantenimiento del equilibrio nutricional de los animales de producción normalizando el desarrollo. Con ello aumentamos la inmunidad y disminuimos los problemas reproductivos, de cojeras, mamitis, etc.

Para más información:

info@lebriquim.com
Tel.: 955 97 20 20
C/ Sanlúcar, 21
41740 Lebrija (Sevilla)



Gráfica 2. Distribución da duración do secado nas vacas de dúas ganderías españolas



duración do período seco é un dos principais factores a considerar.

CAL SERÍA A DURACIÓN ADECUADA DO PERÍODO SECO?

Existe certo consenso científico en que as primíparas necesitan un período seco maior (>55 d) que as múltiparas (35-45 d). Con todo, nun estudo recente as vacas con maiores producións na lactación anterior obtiñan peores producións na seguinte lactación cando o seu período seco era curto (<45 días), o que suxire que estes animais de alta produción poderían necesitar un tempo de descanso un pouco maior. Aínda así, o que ocorre en moitas ocasións é xusto o contrario, xa que continuamos a muxir as vacas que producen moito leite, reducindo con iso a duración do secado.

Entón, que pasa en realidade en moitas ganderías?

Pois que hai outros factores que tamén influen moito na decisión de cando secar as vacas. Por exemplo:

- **O custo da ración e o prezo do leite:** en función desta relación adíantase ou atrasase a data de secado.
- **A produción de leite e eficiencia reprodutiva:** cámbiase a data de secado en función da produción do animal.
- **O amoreamento do curral de leite e o número de xovencas a parir:** en función da dispoñibilidade de espazo sécanse animais ou non para facerlles sitio ás xovencas paridas.
- **Ter en conta a porcentaxe de vacas secas como obxectivo económico:** adoita atrasar as datas de secado, o que pode ser adecuado a condición de que non penalice a produtividade futura.

De acordo con estes factores atopámonos con dous tipos de granxas reais, tal e como as que se observan na gráfica 2.

A gandería 1 ten unha estratexia de secado definida, con máis do 70 % dos seus animais secos entre 45 e 60 días. Mentres, na gandería 2, case un 40 % das vacas están menos de 45 días secas e en risco de perder produción na seguinte lactación. Pola contra, un de cada tres animais está máis de 60 días seco, debido en parte a un problema reprodutivo, o que incrementa o risco de problemas metabólicos ao parto por exceso de condición corporal.

Por iso, **recomendámoslle analizar co seu técnico a súa situación e que criterios debe cumprir para decidir secar ou non unha vaca no seu raño.**

Doutra banda, unha das principais preocupacións por parte do gandeiro é a produción de leite coa que chegan as vacas ao secado e o risco de mamite. De aí que nun estudo de 2021 se viu que dous de cada tres gandeiros en España aplican medidas para diminuír a produción de leite antes de secar, principalmente cambios de ración ou redución do número de muxidos, e iso a pesar de que non son medidas fáciles de implementar en moitas ganderías. Entón...

CAL SERÍA A PRODUCCIÓN IDEAL PARA SECAR AS VACAS?

Esta é a pregunta do millón de dólares e non ten fácil resposta. Desde o punto de vista técnico, **ao deixar de muxir incrementase a presión dentro do ubre**, o que provoca o acurtamento e a dilatación da canle do teto que facilita o goteo de leite, **atrasa a formación do tapón de queratina e lles abre a porta aos patóxenos ambientais.**

Así mesmo, incrementase o risco de sufrir dor no ubre provocando cambios de comportamento, redución do tempo de descanso e, como consecuencia, un aumento do estrés no

▶ A RECOMENDACIÓN É QUE A TERAPIA ANTIBIÓTICA SE APLIQUE TANTO COMO SEXA NECESARIA E TAN POUCO COMO SEXA POSIBLE

animal. **Todos estes factores incrementan o risco de entrada de novas infeccións.** De feito, se revisamos os estudos publicados, **case todas as investigacións sitúan entre 15 e 21 litros de leite diarios** como límite para secar as vacas.

Con todo, na práctica, moitas ganderías traballan en secado selectivo con producións moito maiores ao secado logrando bos resultados de saúde de ubre. Ademais, recentemente se publicou un estudo que non atopa diferenzas aplicando secado selectivo nos resultados de mamite subclínica nin clínica en tres grupos diferentes en función da produción ao secado (alta, media e baixa).

Como é posible que isto ocorra? Pois entendendo que a mamite é unha enfermidade multifactorial e que este a produción de leite só un máis dos factores a ter en conta dentro do manexo integral do secado.

Para compensar a alta produción ao secado, haberá que ser máis exquisito noutras pautas máis fáciles de aplicar para reducir o risco de novas infeccións, aínda que esta parte a trataremos no seguinte artigo sobre o procedemento de aplicación de tratamentos de secado. Esperamos velo no vindeiro capítulo e lembre: "O que ben comeza, ben acaba...". ■

NOTA DOS AUTORES

Bibliografía a disposición de quen o solicite.

SHUTOUT®



Una nueva barrera en la protección del pezón



SELLADO POR VACACIONES

TODAS
LAS VACAS

MERECEN UN
SELLADOR

¿Listos para el cambio?

Descárgate la ficha formativa de Secado Selectivo



Salubre
SECADO SELECTIVO



MSD

Animal Health